

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Bases para a contratación de doce socorristas (un/ha deles/as como xefe/a de praias) durante 90 días

ANUNCIO

APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOCE SOCORRISTAS (UN/HA DELES/AS COMO XEFE/A DE PRAIAS) DURANTE 90 DÍAS

Por Resolución de Alcaldía de data 14 de abril, aprobáronse as bases que se transcriben a continuación:

“BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOCE SOCORRISTAS (UN/HA DELES/AS COMO XEFE DE PRAIAS) DURANTE 90 DÍAS PARA A CAMPAÑA DE VERÁN.

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é cubrir, mediante concurso-oposición, doce prazas de socorristas (un/ha deles/as como xefe de praias) durante noventa días.

Segunda: Normativa aplicable.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público. Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato por circunstancias da produción (artigo 15.2 ET), por incremento ocasional e imprevisible e oscilacións de actividade normal que xeren un desaxuste temporal entre o emprego estable e o requirido, a xornada completa. A duración da obra ou servizo será de noventa días.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a. Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas

mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b. Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c. Estar en posesión do Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.

d. Estar en posesión da inscrición na Sección de Socorristas en Espazos Acuáticos Naturais. O Concello de Bergondo reservase o dereito de comprobar mediante consulta á Academia Galega de Seguridade Pública a vixencia da inscrición aportada.

e. Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

f. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

g. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

Quinta: Presentación de instancias.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse **preferiblemente** por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica municipal:

https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico

Tamén se poderán presentar as solicitudes de forma **presencial** no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica municipal:

https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico

O prazo de presentación é de sete (7) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>

Debido ó breve cómputo do prazo para a presentación de instancias, nos casos das solicitudes presentadas nos Rexistros doutras administracións públicas que non dispoñan do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), os interesados deberán comunicar este feito ó Concello de Bergondo por correo electrónico (emprego@bergondo.gal) dentro do prazo anteriormente sinalado.

Á solicitude achegarase inescusablemente, **con carácter xeral**:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia dos títulos esixidos nos apartados c) e d).
- Documentos xustificativos dos méritos específicos para o posto de socorrista que se aleguen para o concurso.

De querer acceder simultaneamente, ás dúas categorías ofertadas, socorrista e xefe de praia, achegarase tamén a seguinte documentación:

- Documentos xustificativos dos méritos específicos do posto de Xefe de Praias que se aleguen para o concurso.

Na solicitude indicarse explícitamente si se opta tamén ao posto de Xefe de Praias.

Sexta: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>, e concederase un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou entrevista, publicarase no Taboleiro de Edictos do concello, e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/>

Sétima: Tribunal Cualificador.

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: Un funcionario designado pola alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario designado pola alcaldía.

Vogais: Alomenos tres vogais designados pola alcaldía.

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do Presidente/a e do Secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava: Probas selectivas e sistema de cualificación.

Nas bases específicas que completen estas bases xerais se concretarán os méritos que se valorarán na fase de concurso (tanto para socorrista como para xefe de praias), así como os criterios de valoración dos mesmos.

Novena: Lista de seleccionados presentación de documentos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da cualificación da fase de concurso. En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no apartado A-1. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederá a un sorteo entre os/as implicados/as.

O tribunal presentará á Sra. Alcaldesa a proposta dos/as candidatos/as que obtivesen maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal os documentos seguintes:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) da inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (Categoría: Espazos acuáticos naturais).
- Certificado ou informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Documentos orixinais ou copias debidamente cotexadas dos documentos xustificativos dos méritos alegados.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurrira por falsidade na solicitude de participación.

Décima: Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Sra. Alcaldesa efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo de 5 (cinco) días.

Undécima: Lista de reserva

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación. Esta lista terá unha vixencia de tres anos e poderá ser empregada, potestativamente, en vindeiros exercicios.

Duodécima: Recursos.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldesa, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de cualificador caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a alcaldía-presidencia. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

BASES ESPECÍFICAS

Primeira: Sistema de selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Segunda: Retribucións.

As retribucións serán as establecidas no Orzamento Xeral do Concello.

Terceira: Proceso selectivo.

FASE DE OPOSICIÓN.

A oposición constará dun exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en superar proba(s) de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para o desempeño das funcións propias do posto que se van a realizar e que se levaranse a cabo no lugar e data a determinar na lista definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as. O contido desta proba ou probas determinarase tamén na resolución que aprobe a citada lista definitiva de candidatos/as e a composición do tribunal. Está proba calificarase como APTO/A ou NON APTO/A:

As persoas aspirantes concorrerán provistos do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e dos medios materiais necesarios para a práctica das probas, e serán convocadas en chamamento único, quedando excluídos da oposición as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal.

A orde de actuación das persoas candidatas será o que resulte do sorteo ao que se refire o Decreto 95/1991 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

FASE DE CONCURSO:

Valoraranse os seguintes méritos para **socorrista** soamente daqueles/as candidatos/as que obtiveran a calificación de APTO/A:

A.1.-Experiencia profesional ou servizos prestados: ata un máximo de 6 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada como **socorrista**: 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 6 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo, e só se avaliarán os servizos prestados nos últimos cinco anos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.2 Cursos: ata un máximo de 5 puntos:

a) Cursos de galego:

– Celga 3 (curso de Iniciación da Lingua Galega): 0,25 puntos.

– Celga 4 (curso de perfeccionamento da Lingua Galega): 0,50 puntos

Só se avaliará o de nivel máis alto dos alegados.

b) De formación: cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas:

– De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.

– De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.

· De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

· Curso de Desfibrilador Semiautomático (DESA) en vigor: 1 punto.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 5 puntos.

A acreditación da realización dos cursos de galego farase mediante certificado expedido ou homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou Consellería de Educación, e a dos demais cursos mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

A maiores, valoraranse os seguintes méritos para **Xefe/a de Praias**:

B.1.-Experiencia profesional ou servizos prestados: ata un máximo de 6 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada como **xefe/a de praias ou posto de natureza análoga**: 0,15 puntos por mes, ata un máximo de 6 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo, e só se avaliarán os servizos prestados nos últimos cinco anos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

B.2.–Outros méritos: ata un máximo de 6 puntos.

-Ser voluntario/a dunha Agrupación de voluntarios de protección civil, cunha antigüidade mínima de 2 anos e ter rexistrada actividade nos últimos cinco anos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes (co curso básico de protección civil acreditado): 2 puntos.

-Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo (PER) ou titulación profesional equivalente que habilite para o manexo de embarcacións da oitava listaxe destinadas ao salvamento ou rescate: 2 puntos.”

Bergondo, 15 de abril de 2026

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2026/2356